

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 8 DE XUÑO DE 1993.-

Na Casa do 1ºtmo. Concello de Ribadavia o día oito de Xuño de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinala para celebraren unha sesión extraordinaria da Comisión de Goberno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Denantes de entrar na anunciada Orde do Día a Comisión deixa constancia de que se recibiu un telegrama da Casa da Súa Maxestade EL REI, agradecendo o pésame transmitido pola Alcaldía co gallo do falecemento de Don Juan de Borbón.

A Orde do Día desta sesión abrangue os seguintes asuntos:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Os señores membros da Comisión de Goberno aproban o borrador da Acta da sesión anterior celebrada o día 27 de Maio último.

2.- OBRAS MAIORES.-

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Gil Alvarez Couto, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Redondela, sobre legalización de baixocuberta no seu edificio sito na rúa López Ramón, e visto o dictame da Comisión de Patrimonio, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó interesado que non procede a legalización dado que se modifica a forma externa e engádesse volume; debe atopar outra solución de iluminación e ventilación dos "trasteiros". Sen prexuízo dos recursos propios da lexislación local contra este acordo, tamén

o interesado pode interpor recurso de alzada perante o Excmo. Sr. Conselleiro de Cultura e Xuventude no prazo de quince días a partir do seguinte á recepción deste acordo. Tendo en conta que esta obra non é legalizable a Comisión interesa que polo Secretario se faga un informe dende o punto de vista urbanístico para que o Concello acade os acordos correspondentes.

### 3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Dona Elisa Fidalgo Martínez, veciña desta Vila, con domicilio na Praza Maior, nº 13, a Comisión de Goberno acorda anula-la licencia concedida á mesma segundo as sesións do 26 de Novembro de 1992 e 8 de Febreiro de 1993, atendendo ás razóns que argumenta no seu escrito do 27 de Maio pasado.

Visto o escrito de Sres. Industriais desta Vila, de data 25 de Maio de 1993, asinado por Don Secundino Vázquez, Dona Celsa Davila, Don Xulio Rivas, Dona María González, Don Manuel Fernández, Don Anxo Rodríguez, Don Xosé A. Vieira, e outros señores máis que non se identifican polas súas sinaturas, que fai referencia a determinados aspectos sobre postos de venda na Praza de Abastos de Don Antonio Vázquez Sobrino, a Comisión de Goberno coida axeitado face-los seguintes pronunciamentos: os referidos señores comerciantes coñecen o trato xusto que reciben en base ó acordo acadado entre eles mesmos, como o demostra o feito que asinaron a concesión dos postos; por conseguinte, non hai trato discriminatorio e os asinantes coñecen asemade que todos eles, incluído o Sr. Vázquez Sobrino, estaban de acordo coa reubicación na Praza de Abastos remodelada; polo tanto, calquera afirmación que se faga debe coidarse que estea baseada en feitos reás e constatables e non en rumores ou especulacións.

Visto o escrito de Sres. Concelleiros, Don Avelino García Martínez, Don Xosé María Vázquez Pérez, Don Xosé Carlos García-Aliende García e Don Alfredo Blanco López, sobre unha oferta da Casa dos Condes desta Vila para a sé da Mancomunidade do Ribeiro, a Comisión de Goberno acorda facer unha invitación formal ó Excmo. Sr. Conselleiro da Presidencia e Administración Pública para que teña a ben acudir a Ribadavia e inspecciona-la Casa dos Condes cando así o desexe, pois é ben claro que o único órgano competente para cursar esta invitación é o noso Concello.

Visto o escrito de Don Antonio González Rodríguez, Presidente da Asociación de Veciños "San Andrés", con domicilio social e Villavidal, Concello de Ramirás, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó interesado que os 60 membros da devandita Asociación poden facer noite nesta Vila o vindeiro día 4 de Xullo nas instalacións do Polideportivo Municipal, na súa etapa de peregrinación a Santiago de Compostela.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Antonio Juste Gulín, veciño de Sampaio, relacionado coa construción dunha vivenda familiar illada en terreo da súa propiedade sito no lugar da Foz, a Comisión de Goberno acorda facer presente que non hai inconveniente algún en que pola Xefatura Provincial de Urbanismo se informe o expediente favorablemente, dado que neste término municipal non hai abundancia de terreos e mesmo o interesado trata de construír a súa vivenda familiar.

Visto o escrito da Asociación de Consumidores e Usuarios do Ribeiro, que fai referencia ó aspecto da auga do abastecemento público, a Comisión de Goberno acorda comunicar que esta cuestión xa foi obxecto dunha pregunta de Dona María Isabel Garrido Blanco no decurso da sesión ordinaria do Pleno do Concello celebrada o día 27 de Maio.

Visto o escrito de Don Juan Antonio Rodríguez Vázquez, veciño de Ourense, con domicilio na rúa Nuño de Ousende, nº 3, 2º dereita, no que prega se lle concedan as Escolas Deportivas Municipais de Baloncesto, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó mesmo que, en principio, fica enterada da súa petición.

Visto o escrito de Don Secundino Regueiro Abraldes, veciño de San Cristovo, sobre a imposición de Contribucións Especiais no expediente 284/81, Beirarrúas da Avda. do Ribeiro, a comisión de Goberno acorda comunicar ó interesado que non procede a súa reclamación tendo en conta que o inmovible de que se trata foi transmitido polo reclamante a Dona Nieves González González fai tres anos e as Contribucións Especiais datan do ano 1985; polo tanto, o suxeito pasivo nesta data era Don Secundino Regueiro Abraldes.

Visto o escrito de Don José Fernández Durán, veciño desta

Vila, con domicilio na rúa do Carballiño (edificio Procapí S.A.), a Comisión de Goberno concede ó mesmo a acometida de auga para o piso 1º A, e para usos domésticos. O interesado fará aboamento do importe da taxa desta concesión que ascende a 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Fernando Pumar Vázquez, veciño de Carballeda de Avia, sobre a instalación de salón de máquinas recreativas nun inmovible sito nesta Vila de Ribadavia na rúa Yáñez, 1, baixo, a Comisión de Goberno baseada no informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, que pode ser consultado polo interesado, acorda participar ó mesmo que tal como se atopa a documentación técnica non é posible informa-lo obxecto da petición, pois hai instalacións que fan referencia a cafeteras, frigoríficos, termos eléctricos, etc.; por conseguinte, coida a Comisión de Goberno que Don Fernando Pumar Vázquez debe presenta-lo correspondente proxecto no que se faga referencia única e exclusivamente á actividade de "Salón de máquinas recreativas", en evitación de confusións, e dentro da maior brevidade posible; cumprido que sexa isto, a Comisión de Goberno emitirá o correspondente informe, acordando a remisión do expediente á Comisión Provincial de Medio Ambiente ós seguintes efectos de informe e demais que procedan.

#### 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Fica enterada a Comisión de Goberno dos seguintes escritos oficiais:

Parte quincenal de cloración de augas de abastecemento de consumo público.

Visto o escrito do Director Xeral de Traballo e Promoción de Emprego da Consellería de Traballo e Servizos Sociais, que fai referencia á programación de actividades de cursos de formación ocupacional, a Comisión de Goberno, con tódolos respetos, acorda pór en coñecemento da devandita Dirección Xeral que o Concello de Ribadavia, segundo a lexislación aplicable, é un Ente con autonomía propia e polo tanto non depende de programación da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro; o feito de que Ribadavia pertenza a esta Mancomunidade non supón unha dependencia da mesma, senón que cada Concello é bastante para a organización e desenvolvemento das actividades de formación ocupacional que teña a ben programar.

Escrito da Consellería de Economía e Facenda, sobre participación nos ingresos estatais no segundo trimestre de 1993.

Circular nº 19 da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, sobre a reapertura de Piscinas, acordando a Comisión de Goberno que se leven a cabo de inmediato os trámites axeitados para dispoñer da autorización da reapertura da nosa Piscina Municipal.

Escrito do Goberno Civil, sobre material divulgativo para emprego público.

Escrito da Deputación Provincial, sobre convocatoria para ingreso na Escola de Capacitación Agraria de Ourense, acordando a súa exposición no Taboleiro de Anuncios.

Escrito do grupo municipal e xunta local do Partido Popular de Ribadavia, sobre diversos aspectos relacionados co Concelleiro Don Xosé Sotelo Barroso.

Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio, que resolve que este Concello non está obrigado a pagar dereitos a Unión Fenosa S.A. para restablece-la subministración de enerxía eléctrica á Praza de Abastos.

Visto o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, sobre obras levadas a cabo pola Cía. Telefónica, consistentes na ampliación de canalizacións na Grova e Prexigueiro, a Comisión de Goberno acorda notificar a Telefónica para que, coa máxima urxencia posible, e previa a correspondente inspección, dispoña a realización das obras de remate da calzada, bordillos, enlosado de beirarrúas e reparación dos sumidoiros de recolleita de pluviais, repoñendo pavimentos.

Informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, sobre resolución da Confederación Hidrográfica do Norte relacionado coa utilización de augas procedentes dun pozo situado en Francelos por iniciativa de Renfe.

Visto o escrito da Dirección Xeral de Xuventude, da Consellería de Cultura e Xuventude, que anuncia a concesión dunha axuda de 200.000 pesetas para realización de actividades xuvenís, ó abeiro da Orde do 12 de Xaneiro de 1993, a Comisión de Goberno, en principio, acorda acepta-la devandita axuda.

## 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Queda enterada a Comisión de Goberno dun escrito do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, sobre baixas no Imposto sobre Bens Inmóbles dos anos 90, 91 e 92, de carácter urbano.

Visto o escrito do Xulgado de Primeira Instancia nº 6, no que se anuncia que penden perante o mesmo autos de xuízo executivo nº 180/93, a instancia de Hormigones Avia S.L. contra Construccións P.F. Rios S.L., sobre reclamación de 1.563.000 pesetas, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó devandito Xulgado que sobre esta empresa demandada xa constan neste Concello toma de razón de obrigas deste carácter non só de empresas particulares senón da mesma Seguridade Social; nembargantes, tómase a correspondente nota e dáse a esta comunicación a orde de prelación que lle corresponde.

E sendo as dez da noite o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente do cal, coma Secretario accidental, certifico.